

PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS DAS SOLICITUDES COMPLETAS E EXCLUÍDAS DO PROGRAMA "REENCONTROS NA TERRA"
(Resolución do 9 de xuño de 2010 da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 113 do 16-06-2010)

PAÍS :	VENEZUELA	Data publicación:	30 de xullo de 2010	Datas de realización: do 25 de outubro ao 7 de novembro de 2010 na R.T.L. do Carballiño (Ourense)
---------------	------------------	--------------------------	----------------------------	--

De acordo co disposto no artigo 8º.2 da resolución mencionada publicase a relación provisional de admitidos e excluídos, entendendo como solicitudes admitidas aquelas que levan a mención "COMPLETO" na columna ESTADO TRAMITACION. Todas as demais están provisionalmente excluídas, sinalando na columna ARTIGO QUE INCUMPRE e OBSERVACIÓNS o artigo e os motivos de incumprimento, aos efectos de identificar os documentos que se requiren. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles **(ata o 11 de agosto de 2010)** para formular as alegacións que consideren oportunas e para emendar a solicitude, para o que poderán utilizar o impreso de remisión de documentación/formulación de alegacións que se achega. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase desistido da súa petición, e procederase ao arquivo nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os solicitantes poderán consultar o texto completo dos artigos áo final desta páxina. Asi mesmo para aqueles que desexen aportar documentación suxírese usar o modelo que se xunta.

Nº REX. TELEMÁTICO	Nº REX. ORDINARIO	APELIDOS	NOME	¿ACREDITA SER BENEFICIARIO DAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS POR ANCIANIDADE?	ULTIMO ANO NO QUE PARTICIPOU EN PROGRAMAS DE VIAXES TRAS ATÁNTICOS DESTA SECRETARÍA XERAL	APELIDOS DO CÓNXUXE	NOME DO CÓNXUXE	ESTADO TRAMITACIÓN	ARTIGO QUE INCUMPRE	OBSERVACIÓNS
N_REX_T	N_REX_XG	APE	NOM	PAA	ANO_PAR_T	APE_CON	NOM_CON	EST_TRAM_WEB	ART_PUBL_WEB	TEXTO_PUBL_WEB
80409		CERDEIRA PRIETO	ISAA C	NON		DOMINGUEZ RAMOS	DULCINA	EXCLUIDA	2.1.7	Supera o límite de ingresos establecido.
80905		FERNANDEZ ESTEVEZ	MARIA	NON		GATO RODRIGUEZ	JOSE MARIA	EXCLUIDA	2.1.7	Supera o límite de ingresos establecido.

DESCRIPCIÓN DOS ARTIGOS

Art. 2.1.4: Ter sesenta ou máis anos de idade contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Art. 2.1.5: Levar polo menos 15 anos naturais sen participar en programas de viaxes transatlánticos desta secretaría xeral.

Art. 2.1.6: Valerse por si mesmo, non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e que estean en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.

Art. 2.1.7: Ter ingresos inferiores a 1,3 veces o importe das prestacións económicas por anciandade do Estado español, fixado en 2010 para o país de residencia. Estes importes aparecen reflectidos na taboa desta resolución. Se o solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da devandita cifra polo número de conviventes menos un.

Art. 6.1.a: Solicitud segundo modelo normalizado do anexo II (completa e asinada).

Art. 6.1.b: Fotocopia do pasaporte español ou documento nacional de identidade español en vigor do solicitante ou certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residente.

Art. 6.1.c: Documentación acreditativa da última veciñanza administrativa en Galicia.

Art. 6.1.d: Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e data de nacemento, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior

Art. 6.1.e: Nos países en que exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, copia da última declaración presentada polo solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar. No caso de que o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar non estivesen obrigados a realizala, xustificación oficial desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.

Art. 6.1.f: Nos países nos que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/os membros da unidade económica familiar.

Art. 6.1.g: Certificado médico, segundo o modelo incluído no Anexo III desta resolución, conforme o solicitante se vale por si mesmo, non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.

Art. 6.1.h: Fotografía tamaño carnet

Art. 6.1.i: Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.

Art. 6.1.j: Documento no que conste se é beneficiario das pensións asistenciais por anciandade do Estado español. De non o presentar entenderase que desiste da aplicación do criterio preferente de selección sinalado no punto 1 do art. 5 das bases reguladoras.

Art. 6.2.a: Fotocopia do pasaporte ou documento nacional de identidade en vigor (cónxuxe)

Art. 6.2.e: Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións para a mesma actividade. Poderá presentarse no modelo que consta no impreso de solicitude (Anexo II) (do cónxuxe).

Art. 3: O prazo de presentación de solicitudes para estes programas será dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.